



## Concello de Boiro

*DILIXENCIA que estendo eu, secretario accidental do Concello de Boiro, para deixar constancia de que este prego de cláusulas administrativas foi aprobado por acordó de xunta de goberno en sesión celebrada o día 19 de febreiro de 2020.*

*Boiro, na data que consta na marxe deste documento.*

*Severino Abalo Chouza  
Secretario accidental.*

### **PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE COLABORACIÓN E ASISTENCIA NA INSPECCIÓN TRIBUTARIA DO CONCELLO DE BOIRO POR PROCEDIMENTO ABERTO**

#### **CLÁUSULA 1.- OBJECTO DO CONTRATO E CUALIFICACIÓN**

Constitúe o obxecto do presente contrato de servizos a colaboración e asistencia técnica ao do Concello de Boiro no exercicio das funcións de comprobación e inspección dos tributos municipais. Os tributos e tipoloxía da inspección a levar a cabo virán determinadas anualmente polo Plan Anual de Inspección que forma parte do Plan anual de control tributario.

Con carácter xeral, o presente contrato abrangue a realización de cantas tarefas de apoio, execución e asistencia técnica e xurídica se consideren necesarias, que comprenderán, entre outros, toma de datos, aportación de documentación polos obrigados tributarios, emisión de informes técnicos e xurídicos, así como todas aquelas actuacións que puideran facilitar o cumprimento destes traballos e que en ningún caso poderán dar lugar á produción de actos administrativos ou que impliquen exercicio de autoridade.

O obxectivo a acadar é que o Concello de Boiro, a través da inspección e comprobación tributarias poida regularizar, se procede, a situación tributaria das persoas físicas ou xurídicas ou entidades suxeitas aos tributos municipais, e dado que non dispón de medios humanos e materiais suficientes para desenvolver os traballos, precísase a contratación dos servizos regulados no presente prego.

O contrato ten a cualificación de contrato administrativo de servizos, de acordo co artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

**Concello de Boiro**

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Cod. Validación: AX3ARSFRNPQ9LY7H55EHTCWK | Corrección: <https://boiro.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 4



## Concello de Boiro

---

### CLÁUSULA 2.- ORGANIZACIÓN

Sen prexuízo das atribucións conferidas á Alcaldía-Presidencia pola lexislación vixente en materia de réxime local, os responsables da Tesouraría e Intervención do Concello de Boiro, como órganos competentes, exercerán as funcións de dirección, organización, administración e a autoridade que legalmente lles corresponda en función dos distintos servizos contemplados no prego de condicións.

A fiscalización dos distintos servizos realizaranna os funcionarios competentes do Concello, de conformidade co disposto no Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

De resultar necesario, o persoal propio do Concello de Boiro colaborará co persoal da adxudicataria no desenvolvemento das actividades necesarias para o funcionamento óptimo do servizo.

### CLÁUSULA 3.- PRAZO DE EXECUCIÓN

O prazo de execución do contrato será de dous anos e poderá prorrogarse por períodos anuais ata un máximo de catro anos.

Así mesmo, á finalización dos traballos queda establecido un período de garantía de un ano, durante o que o Concello poderá requirir á adxudicataria aos efectos de aclarar cantos extremos sexa necesario acerca dos traballos realizados.

### CLÁUSULA 4.- CONTIDO PARTICULAR DOS SERVIZOS

As actuacións e procedementos nos que a adxudicataria desenvolverá os seus traballos de asistencia e apoio técnico e administrativo serán os seguintes:

- Procedemento de xestión e inspección tributaria.
- Procedemento sancionador.
- Resolución de recursos.
- Notificacións.

O servizo a prestar incluirá, en todo caso, as seguintes actuacións:

- 1.- Realización das actuacións preparatorias ou de comprobación, proba

---

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Cod. Validación: AX3ARSFRNPQ9LYR7H55EHTCWK | Corrección: <https://boiro.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 4



## Concello de Boiro

---

de feitos ou circunstancias con transcendencia tributaria e colaboración e asesoramento aos funcionarios do Concello de Boiro sobre as propostas de actuación para que o órgano competente dite os actos administrativos necesarios e sucesivos ata á súa finalización.

2.- Traballo de campo, toma de datos e documentos, estudo, asesoramento e confección material de documentos na tramitación dos expedientes de inspección, comprobación e sancionadores, incluída a elaboración das cartas de pago no programa de xestión tributaria do concello, excepto as actuacións que impliquen exercicio de autoridade.

3.- Atender e informar nas dependencias municipais aos contribuíntes afectados polas actuacións obxecto do presente contrato.

4.- Asistencia na elaboración de informes que poidan derivarse da interposición de alegacións e recursos que se presenten polos obrigados tributarios e se deriven dos expedientes anteriores.

5.- Elaboración de informes periódicos sobre os traballos realizados, cando lle sexan requiridos polo Concello.

6.-Asumirán a defensa xurídica do expedientes nos que participasen, con medios propios ou axenos, no caso de que os mesmos sexan obxecto de recurso Contencioso Administrativo sen ningún custe adicional para o concello.

7.- Calquera outros traballos de natureza análoga necesarios para a realización do obxecto do contrato.

### **CLÁUSULA 5.- OBRIGAS DO ADXUDICATARIO**

O adxudicatario deberá aportar o persoal necesario para a correcta e efectiva prestación do servizo obxecto do contrato, o cal deberá reunir as condicións idóneas en canto a formación e coñecementos para o correcto desenvolvemento do mesmo.

Ademais, designará unha persoa con capacidade suficiente para representar á empresa adxudicataria a efectos da execución das actuacións obxecto do contrato, que haberá de contar con titulación superior e que actuará como interlocutor co Concello. Esa persoa encargarse de coordinar as actuacións co Concello, así como de velar pola calidade das actuacións levadas a cabo nos diferentes expedientes de inspección que se instrúan e da súa adecuación co disposto nos presentes pregos e no Plan de Inspección.

---

**Concello de Boiro**

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Cod. Validación: AX3ARSFRNPQ9L7Y7H55EHTCWK | Corrección: <https://boiro.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 4



## Concello de Boiro

---

O persoal da empresa adxudicataria deberá tratar co máximo respecto e corrección aos contribuíntes obxecto de inspección, informándolles adecuadamente das actuacións que se levan a cabo.

A empresa adxudicataria deberá contar cos soportes e equipos informáticos que resulten precisos para a realización do servizo obxecto do contrato.

Todos os gastos relativos a material e aplicacións informáticas, incluídas as licencias que resulten pertinentes e, en xeral, material de oficina que resulte necesario para a execución do contrato, serán de conta da empresa adxudicataria.

### **CLÁUSULA 6.- RESPONSABILIDADE**

O adxudicatario será responsable das consecuencias que se deduzan para terceiros, para o Concello ou para o persoal dependente do mesmo a causa de omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato, sendo ao seu cargo o pagamento das indemnizacións que por elo puideran xerarse.

Se durante a vixencia do contrato se producisen modificacións normativas que determinen cambios en calquera dos elementos dos tributos obxecto de inspección, a adaptación ás mesmas non dará dereito ao adxudicatario a esixir ningún tipo de indemnización ou compensación.

O adxudicatario estará obrigado ao cumprimento das obrigas fiscais e de seguridade social que se deriven da prestación do servizo contratado.

Así mesmo, o adxudicatario adecuará as súas actuacións á normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

